

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE NOVEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 17 de novembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 15 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María José Caride Estévez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2c, 2d, 3, 4c, 7, 8a, 8b, 9a, 9b e 10)
D. Fernando Carballo Vilar (asiste aos puntos 2b e 4b)
D. Pedro María Vázquez Iglesias (asiste aos puntos 8c e 9c)
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste aos puntos 2a a 2d)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 10 de novembro de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 10 de novembro de 2017 cos votos de D^a. María José Caride Estévez, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 14 de novembro de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 10 de novembro de 2017, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles a MAPFRE ESPAÑA, S.A.



para que puidese emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (“deberá aclarar se concorre a esta licitación individualmente ou en unión temporal de empresas, como sinala no punto 11 da súa declaración responsable”).

O citado licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido (15 de novembro de 2017). Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento á UTE MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. e MAPFRE VIDA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS por ter emendado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 8 de novembro de 2017, ao día seguinte se concedeu un prazo de tres días hábiles a D. CLAUDIO ABALO CARRERA para que puidese emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares, concretamente, a solvencia técnica.

O citado licitador non presentou documentación ningunha no prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, non admitir neste procedemento a D. CLAUDIO ABALO CARRERA por non declarar solvencia técnica suficiente para a prestación do obxecto deste contrato na declaración responsable incluída no sobre A “documentación persoal” e non tela emendado dentro do prazo concedido para o efecto.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. ORECO, S.A.
 2. AN ROD LATEM, S.L.
 3. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
 4. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 2 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



5. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 - 1. ORECO, S.A.
 - 2. AN ROD LATEM, S.L.
 - 3. COVISAM NORTE, S.L.
 - 4. ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.
 - 5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 - 6. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A empresa AN ROD LATEM, S.L. presenta un único exemplar da documentación, polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada. Un exemplar queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A empresa AN ROD LATEM, S.L. presenta un único exemplar da documentación, polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada. Un exemplar queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 3 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

- HELVETIA, CIA

1.- Propón un prezo de 203.816,70 euros. Este prezo corresponde a suma dos importes das pólizas dos vehículos relacionados no Anexo I do PPT máis o 4% sobre o importe da suma de todas as pólizas individuais. Os importes das pólizas de cada categoría de potencia son os seguintes:

- Vehículos de 1ª categoría:

- Hasta 75 Cv 691,88 euros
- De 76 a 118 Cv 691,88 euros
- Más de 118 Cv 691,88 euros
- Furgones 1.033,33 euros*

* Este dato non se contempla no modelo de proposición económica recollido no PCAP

- Vehículos de 2ª categoría:

- Vehículos industriais 161,74 euros
- Vehículos agrícolas 107,83 euros

- Vehículos de 3ª categoría (motocicletas):

- De 50 a 74 cc 332,46 euros
- De 74 a 149 cc 332,46 euros
- De 150 a 349 cc 332,46 euros
- De 350 a 499 cc 332,46 euros
- De 500 a 749 cc 332,46 euros
- Más de 749 cc 332,46 euros

- Outros vehículos: camiós ríxidos, cabezas tractoras, remolques e semirremolques:

- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 7 Tm 1.698,26 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 10 Tm 1.698,26 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 15 Tm 1.698,26 euros



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 4 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 20 Tm 1.698,26 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 25 Tm 1.698,26 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 34 Tm 1.698,26 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 100 Tm 1.698,26 euros
- Camións servizo de limpeza 2.453,04 euros¹
- Remolques e semirremolques 323,49 euros²

^{1 e 2} Estes dato non se contemplan no modelo de proposición económica recollido no PCAP

2.- Propón as seguintes melloras:

- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes do vehículo en 66,66 (%).
- Incremento da suma mínima asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados 33,33 (%).
- En caso de sinistro considera (si/non) que o Concello terá a condición de terceiro en relación a cobertura de danos aos bens propiedade do mesmo (distintos de vehículos).
- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor de motocicleta 20 (%).
- Incorporación da coberturas incendio, roubo e perda total en vehículos de menos de cinco ano de antigüidade sen franquía (si/non).
- Cobertura de danos en vehículo producidos polo impacto, colisión ou atropelo dun animal cinexético, en todo caso e sempre que medie atestado (si/non).

SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS

1.- Propón un prezo de 163.488 euros. Este prezo corresponde a suma dos importes das pólizas dos vehículos relacionados no Anexo I do PPT máis o 4% sobre o importe da suma de todas as pólizas individuais. Os importes das pólizas de cada categoría de potencia son os seguintes:

- Vehículos de 1ª categoría:

- Hasta 75 Cv 450 euros
- De 76 a 118 Cv 450 euros
- Más de 118 Cv 450 euros

- Vehículos de 2ª categoría:

- Vehículos industriais 300 euros
- Vehículos agrícolas 300 euros

- Vehículos de 3ª categoría (motocicletas):

- De 50 a 74 cc 500 euros
- De 74 a 149 cc 500 euros
- De 150 a 349 cc 500 euros



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 5 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- De 350 a 499 cc 500 euros
- De 500 a 749 cc 500 euros
- Más de 749 cc 500 euros

- Outros vehículos: camións ríxidos, cabezas tractoras, remolques e semirremolques:

- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 7 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 10 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 15 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 20 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 25 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 34 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 100 Tm 1.200 euros

2.- Propón as seguintes melloras:

- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes do vehículo en 100 (%).
- Incremento da suma mínima asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados 300 (%).
- En caso de sinistro considera (si/non) que o Concello terá a condición de terceiro en relación a cobertura de danos aos bens propiedade do mesmo (distintos de vehículos).
- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor de motocicleta 300 (%).
- Incorporación da coberturas incendio, roubo e perda total en vehículos de menos de cinco ano de antigüidade sen franquía (si/non).
- Cobertura de danos en vehículo producidos polo impacto, colisión ou atropelo dun animal cinexético, en todo caso e sempre que medie atestado (si/non).

UTE MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. e MAPFRE VIDA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS

1.- Propón un prezo de 199.803,87 euros. Este prezo corresponde a suma dos importes das pólizas dos vehículos relacionados no Anexo I do PPT máis o 4% sobre o importe da suma de todas as pólizas individuais. Os importes das pólizas de cada categoría de potencia son os seguintes:

- Vehículos de 1ª categoría:

- Hasta 75 Cv 686,21 euros
- De 76 a 118 Cv 686,21 euros
- Más de 118 Cv 686,21 euros

- Vehículos de 2ª categoría:

- Vehículos industriais 151,28 euros
- Vehículos agrícolas 216,82 euros



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 6 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Vehículos de 3ª categoría (motocicletas):

- De 50 a 74 cc 434,74 euros
- De 74 a 149 cc 434,74 euros
- De 150 a 349 cc 434,74 euros
- De 350 a 499 cc 434,74 euros
- De 500 a 749 cc 434,74 euros
- Más de 749 cc 434,74 euros

- Outros vehículos: camións ríxidos, cabezas tractoras, remolques e semirremolques:

- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 7 Tm 1.806,36 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 10 Tm 1.806,36 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 15 Tm 1.806,36 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 20 Tm 1.806,36 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 25 Tm 1.806,36 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 34 Tm 1.806,36 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 100 Tm 1.806,36 euros

2.- Propón as seguintes melloras:

- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes do vehículo en 33,33 (%).
- Incremento da suma mínima asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados 0 (%).
- En caso de sinistro considera (si/non) que o Concello terá a condición de terceiro en relación a cobertura de danos aos bens propiedade do mesmo (distintos de vehículos).
- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor de motocicleta 33 (%).
- Incorporación da coberturas incendio, roubo e perda total en vehículos de menos de cinco ano de antigüidade sen franquía (si/non).
- Cobertura de danos en vehículo producidos polo impacto, colisión ou atropelo dun animal cinxético, en todo caso e sempre que medie atestado (si/non).

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Faise constar que a proposición económica presentada pola UTE MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. e MAPFRE VIDA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS está asinada unicamente polo apoderado/representante de MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., polo que ao concorrer en UTE debería estar asinada polos apoderados de ambas as dúas empresas. En consecuencia, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles á UTE MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. e MAPFRE VIDA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS para que poida emendar a súa proposición avaliable mediante fórmula, debendo presentar a mesma oferta asinada por representante/s con poder de representación das dúas empresas ou ben un escrito asinado por un apoderado de MAPFRE VIDA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS onde manifeste que subscribe a oferta presentada por MAPFRE ESPAÑA



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 7 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. (rexistrada de entrada no Concello de Vigo co nº 170154207).

Asisten á apertura D^a. Iria Orro Martínez, con DNI 63.304.387-R, en representación de GTA; D. Marcelino Álvarez Rodríguez, con DNI 36.000.856-Z; D. Jorge López González, con DNI 36.060.692-G, en representación de HELVETIA SEGUROS; e D. Jorge Lóopez Guimarey, con DNI 38.123.025-F, en representación de MAPFRE.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” do único licitador admitido co seguinte resultado:

| LICITADORES | Prezo | Bolsa de horas anuais de prestación do servizo sen custe para a o Concello |
|---------------------------|---------|--|
| DIEGO BALLESTEROS PEINADO | 115.434 | 100 |

O licitador achega o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda non solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor en base ao previsto na cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas (“*As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula*”).

c) Procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

| Licitador | Prezo |
|---|-------------|
| PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. | 69.938,00 € |
| UTE -CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA | 69.741,97 € |



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

| Licitador | Prezo |
|---|-------------|
| CONSTRUCCIÓN, S.A. (G.O.C.) - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P. | |
| SOLTEC INGENIEROS, S.L. | 70.474,19 € |
| JORGE BARATA MARTÍNEZ | 85.789,00 € |

Todos os licitadores achegan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Pablo Alonso Nodar, con DNI 36.137.581-G, en representación de SOLTEC INGENIEROS, S.L. e D. Miguel Porrás Gestido, con DNI 36.106.078-B, en representación da UTE GOC-NAOS.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 7 de novembro de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do 6 de novembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
2. NAROM, S.L

Durante o prazo concedido, presentaron documentación os dous licitadores, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 15 de novembro de 2017 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emitiu informes sobre as xustificacións presentadas, nos que se conclúe:

- Respecto de NAROM, S.L.: *“se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*
- Respecto de PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.: *“non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 9 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 10 de novembro de 2017, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co seguinte licitador:

1. COPCISA, S.A.

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 15 de novembro de 2017 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emitiu informe sobre a xustificación presentada, no que conclúe *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de COPCISA, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 15 de novembro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 15 de novembro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 14 de novembro de 2017 de



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 10 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 15 de novembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 15 de novembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 14 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445)

Non se trata porque a Mesa acordou no punto 4a conceder á UTE MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. e MAPFRE VIDA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS un prazo para emendar a proposición avaliable mediante fórmula.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 11 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 15 de novembro de 2017.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440) na seguinte orde descendente:

| | Licitadores | Puntuación |
|----|--|------------|
| 1 | CIVIS GLOBAL, S.L. | 94,34 |
| 2 | C. D. INDEPO S.L. | 94,33 |
| 3 | HIDROMIÑO, S.L. | 94,33 |
| 4 | AVAN INTEGRAL, S.L. | 94,32 |
| 5 | CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. | 93,60 |
| 6 | NAROM, S.L. | 92,09 |
| 7 | CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U. | 90,79 |
| 8 | ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A. | 89,42 |
| 9 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. | 89,11 |
| 10 | ORESA, S.L. | 88,68 |
| 11 | UTE DRAGADOS, S.A. E EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L. | 88,61 |
| 12 | CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 73,44 |
| 13 | CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A. | 71,88 |
| 14 | ORECO, S.A. | 53,91 |

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 794,90 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 15 de novembro de 2017.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440) na seguinte orde descendente:

| | Licitadores | Puntuación |
|---|-----------------------------------|------------|
| 1 | PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 96,43 |
| 2 | PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 93,04 |
| 3 | CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. | 88,37 |
| 4 | ORECO, S.A. | 86,57 |
| 5 | CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U. | 85,15 |
| 6 | CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U. | 26,00 |

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.035,44 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto



para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 2 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) na seguinte orde descendente:

| Licitador | Puntuación total |
|-----------------------------------|------------------|
| AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. | 100 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.164,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o día 3 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 10 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 14 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 e 25 de outubro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 87.295,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.150,45 euros.*
- b) *Amplía o prazo de garantía do programa a dous (2) anos.*
- c) *Reduce o prazo máximo de entrega da aplicación en 4 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 15 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

a) Recurso especial en materia de contratación interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil contra o acordo de modificación do procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición de zonas verdes na Cidade de Vigo (9.151- 446)

Dáse conta do referido recurso e ponse en coñecemento da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón deste recurso na sesión do 9 de novembro de 2017.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/05/2024 11:08 | Páxina 16 de 16 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8A54B-E9BAE5-48A325-N8XGPH-JXGDTS-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |